




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA

Dirección Xeral de Industria,
Enerxía e Minas

M

Edificio Advo. San Caetano, s/n -
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA



**Delegación Provincial da Consellería
de Innovación e Industria en A Coruña
Servizo de Enerxía e Minas**

ASUNTO: TRANSMISIÓN DO GRUPO MINEIRO SANTA COMBA (A CORUÑA)

O Director Xeral de Industria, Enerxía e Minas con data 25 de marzo de 2009, ditou resolución de transmisión das concesións de explotación que conforman o denominado grupo mineiro "SANTA COMBA" da provincia de A Coruña, que literalmente di:

"Examinado o expediente de transmisión referente ao Grupo Mineiro "Santa Comba" resultan os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO: Con data 5 de novembro de 2007, D. José Pérez López, D. Eliseo Mourelle Rial e D. José Manuel Vilas Castro, en nome e representación da sociedade Canteira da Mina, S.L., e D. Fernando Velasco Saiz en nome e representación da empresa Incremento Grupo Inversor, S.L., presentaron solicitude de cambio de dominio das concesións de explotación "San Antonio y Demasía" nº 1.789, "Santa María y demasía" nº 1.790, "Oportuna y demasía" nº 1792, "Carballeira y demasía" nº 1.801, "Santa Bárbara y demasía" nº 1.802, "Carmen y demasía" nº 1.807 e "Ampliación a Oportuna y demasía" nº 2.912 que conforman o denominado "Grupo Mineiro Santa Comba".

SEGUNDO: Con data 8 de febreiro de 2008, a Delegación Provincial da Consellería de Innovación e Industria na Coruña remite un informe, de data 28 de xaneiro de 2008, respecto da solicitude de transmisión solicitada.

TERCEIRO: Con data 19 de setembro de 2008, de rexistro de saída da Consellería de Innovación e Industria, indícase á delegación provincial que deben requirirille ao promotor que emende as deficiencias reflectidas no informe indicado no antecedente anterior, e que unha vez emendados, procedan á emisión dun informe final para proceder á resolución do expediente.

CUARTO: Finalmente, o 15 de outubro de 2008, ten entrada o informe requirido, de data 23 de setembro de 2008, respecto das emendas solicitadas, sobre o plan de explotación e plan de restauración aportados polo interesado.

QUINTO: Con data 5 de marzo de 2009, solicítase á delegación provincial da consellería de Innovación e Industria na Coruña que remita copia das resolucións de consolidación dos dereitos mineiros das concesións de explotación que conforman o "Grupo Mineiro Santa Comba". A devandita documentación foi remitida pola delegación provincial da consellería de Innovación e Industria o 20 de marzo de 2009.

FUNDAMENTOS LEGAIS

PRIMEIRO: Segundo se infire do disposto no artigo 97.1 Lei 22/1973, de 21 de xullo, de Minas, en relación co artigo 123.2 Regulamento Xeral para o Réxime da Minaría, de 25 de agosto de 1978, corresponde ao Director Xeral de Industria, Enerxía e Minas autorizar as transmisións dos dereitos que outorgan as concesións de explotación para recursos da sección C).

SEGUNDO: Na resolución deste expediente administrativo, resulta necesario ter presente, dada a súa relevancia, o disposto no artigo 97.1 da Lei 22/1973, de 21 de xullo, e nos artigos 123.3, 126,1 e 127 do Regulamento Xeral para o Réxime da Minaría, onde se di:

97.1)

"Los derechos que otorga una concesión de explotación de recursos da sección C) podrán ser transmitidos, arrendados y gravados, en todo o en parte, por cualquiera de los medios admitidos en derecho a favor de la personas que reúnan las condiciones establecidas en el título VIII, con sujeción al procedimiento que se determina en el artículo 95"



123.2)

“Para hacer uso de este derecho deberá solicitarse autorización de la Dirección General de Minas e Industrias de la Construcción mediante instancia presentada en la Delegación Provincial competente, (...)”

126.1)

“Si la transmisión de un derecho minero hubiese sido formalizada antes de solicitarse la preceptiva autorización, regulada en los artículos anteriores, su eficacia administrativa quedará supeditada al otorgamiento de dicha autorización, cumplimiento de las condiciones que se impusieron y presentación del documento que se acredite el pago del impuesto correspondiente”

127)

“Las autorizaciones que se regulan en este título serán únicamente a efectos administrativos, dejando a salvo los derechos y obligaciones de carácter civil”

TERCEIRO: Da análise da solicitude de transmisión dos dereitos mineiros, dos informes emitidos pola Delegación Provincial da Consellería de Innovación e Industria en A Coruña de datas 28 de xaneiro e 23 de setembro de 2008, e da demais documentación que obra incorporada ao expediente administrativo, conséntase que a sociedade adquirente INCREMENTO GRUPO INVERSOR, S.L. reúne as condicións técnicas e económicas necesarias establecidas na normativa vixente para outorgar a transmisión de dereitos mineiros solicitada.

Visto o expediente administrativo, a Lei 22/1973, de 21 de xullo, o Regulamento Xeral para o Réxime da Minería, de 25 de agosto de 1978, a Lei 3/2008, do 23 de maio, de Ordenación da Minaría de Galicia e demais normativa de aplicación.

RESOLVO

AUTORIZAR a transmisión das concesións de explotación “San Antonio y Demasía” nº 1.789, “Santa María y demasía” nº 1.790, “Oportuna y demasía” nº 1792, “Carballeira y demasía” nº 1.801, “Santa Bárbara y demasía” nº 1.802, “Carmen y demasía” nº 1.807 e “Ampliación a Oportuna y demasía” nº 2.912 que conforman o “Grupo Mineiro Santa Comba”, da titularidade da Canteira da Mina, S.L. a favor da sociedade Incremento Grupo Inversor, S.L.

Esta autorización queda condicionada á presentación, na Delegación Provincial da Consellería de Innovación e Industria na Coruña, da seguinte documentación:

- Comunicar, no prazo de 15 días a partir do día seguinte ao da notificación da transmisión, o nome do Director Facultativo responsable das labores que se desenvolven no citado dereito.
- Presentar no prazo dun mes, o documento que acredite o pago do imposto correspondente á transmisión.
- O adquirente deberá inscribirse no Rexistro Industrial.
- O adquirente deberá presentar, no **prazo dun mes**, xustificante de ter constituído e depositado nunha Delegación da Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, aval bancario polo importe de **99.660 €**, como garantía da inversión que pretenden realizar.
- Presentar, **no prazo tres meses**, que se computará a partir do día seguinte á notificación da presente resolución, un proxecto de posta en seguridade de todas as labores mineiras existentes dentro do perímetro das concesións de explotación que conforman o grupo mineiro “Santa Comba” e que non sexan necesarias para o desenvolvemento das labores de explotación das mesmas conforme o recollido no proxecto denominado *“Plan de explotación de las concesiones de explotación que conforman el Grupo minero “Santa Comba” en los términos municipales de Santa Comba y Coristanco (A Coruña). Xaneiro de 2008”* aportado xunto coa solicitude de transmisión que nos ocupa.



- Presentar, **no prazo tres meses**, que se computará a partir do día seguinte á notificación da presente resolución, un proxecto de explotación actualizado, conforme a Lei 21/1973, de minas o seu regulamento de desenvolvemento, a documentación recollida no artigo 3 da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia, así como no Real Decreto 863/1982, de 2 de abril, polo que se aproba o regulamento xeral de normas básicas de seguridade mineira e as súas instrucións técnicas complementarias, así como un plan de restauración actualizado das zonas afectadas pola explotación, que cumpra co establecido no Real Decreto 2994/1982, de 15 de outubro, de restauración do espazo natural afectado por actividade mineiras.
- Presentar, **no prazo tres meses**, un estudo de impacto ambiental do proxecto que nos ocupa, conforme o Real Decreto Legislativo 1/2008, de 11 de xaneiro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Avaliación de Impacto Ambiental de proxectos, e demais normativa de aplicación.
- Unha vez aprobado o proxecto de explotación e o plan de restauración, actualizados, procederase a depositar a fianza ambiental que determine a delegación provincial da Consellería de Innovación e Industria na Coruña, para garantir a restauración da zona afectada pola explotación.

E explotación das concesións de explotación que conforman o Grupo Mineiro Santa Comba estará suxeita ás seguintes prescricións:

- A empresa adquirente, non poderá realizar labores de extracción mais que naquelas zonas das concesións de explotación que contén co correspondente proxecto de explotación e plan de restauración, actualizados, aprobados pola autoridade mineira, salvo autorización expresa previa da Delegación Provincial da Consellería de Innovación e Industria da Coruña.
- Poderán realizarse labores de acondicionamento e preparación co fin de proceder á limpeza e acondicionamento de galerías e accesos así como á reparación e substitución do sostemento nas zonas de paso obrigado, que sexan necesarias conforme o Real Decreto 863/1982, de 2 de abril, polo que se aproba o Regulamento Xeral para o réxime da minería e as súas Instrucións Técnicas Complementarias de aplicación para a minaría subterránea.
- Para poder proceder á explotación se deberá contar coa declaración ambiental e coa aprobación do proxecto de explotación e plan de restauración, correspondentes.
- No desenvolvemento dos traballos tanto de acondicionamento como extractivos, que de ser o caso se aproben, a empresa adquirente, está obrigada a cumprir as obrigas, prazos e requisitos establecidos na Lei 22/1973, de 21 de xullo, Lei 3/2008, de 23 de maio, e a súa normativa de desenvolvemento. Igualmente, a presente autorización non exclúe a necesidade de obter as demais autorizacións e concesións que consonte a lexislación vixente sexan necesarias para a execución do proxecto que se aprobe.
- O adquirente queda sometido ás disposicións da Lei de Minas e o Regulamento que a desenvolve, así mesmo ao desenvolvemento dos proxectos e dos plans de labores, aprobados e ás demais obrigas que lle correspondesen ao titular do dereito mineiro, en especial ás relativas ao peche da explotación mineira, isto é, deixar a explotación en condicións de seguridade e saúde para as persoas e os bens.
- O incumprimento dos preceptos da Lei de minas e do regulamento que a desenvolve poden ser motivo de caducidade das concesións de explotacións.
- A presente autorización se concede deixando a salvo calquera outra responsabilidade ou obrigación de carácter civil, sen prexuízo de terceiros, e sen excluír a necesidade de obter as demais autorizacións e concesións que con arranxo ás leis sexan necesarias.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA

Dirección Xeral de Industria,
Enerxía e Minas

Edificio Advo. San Caetano, s/n - bloque 5 - 4ª planta
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

A empresa Incremento Grupo Inversor, S.L. está obrigada a por en coñecemento da delegación provincial da Consellería de Innovación e Industria da Coruña de calquera circunstancia, actuación ou situación, que impida, modifique ou altere o desenvolvemento do disposto nesta resolución e nos plans de labores aprobados pola autoridade mineira, no prazo mais breve posible, e, en todo caso, de cinco días dende que se produza.

Contra a presente resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer recurso de alzada ante o Conselleiro de Innovación e Industria no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación, conforme ao establecido no artigo 114 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común."

Asemade, notifícaselles que esta dirección xeral informou directamente aos interesados do contido da citada resolución. Procédese á devolución do expediente. O que se lles comunica aos efectos oportunos.

Santiago de Compostela, 26 de marzo de 2009

O subdirector xeral de Recursos Minerais.

José Antonio Domínguez Varela.

